

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE PRESIDENCIA,
RÉXIME INTERIOR, FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA DE DATA 3 DE
XUÑO DE 2008

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dezanove horas e trinta minutos do día 3 de xuño de dous mil oito, reúnense en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, os membros da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

Asistentes:

- Presidente: Don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, por imposibilidade de asistencia de don Felipe Andreu Barallobre
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU
- Don Manuel Marante Gómez, do Grupo Mixto (PG)

Faise constar que están presentes dona M^a Jesús González Roel e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP, e don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes e dona Laura Fernández Martínez, do BNG.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

A continuación, examínase o único asunto incluído na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, da contía de prezo público correspondente ao acordo n.º 1 regulador do prezo público por actividades culturais

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego de data 30 de maio de 2008.

Aberto debate, dona M^a Jesús González Roel, do PP, manifesta que tendo en conta que do estudo económico se deriva que está financiado ao 99,79 %, non hai nada digno de salientar, polo que o seu grupo vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, expón que botan en falta a documentación relativa á subvención concedida pola Deputación Provincial, as bases e en que boletín saíron, pois non as viron, e teñen dúbidas sobre se esta actividade se pode facer con cargo á citada subvención.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que consta no expediente unha fotocopia do escrito procedente da Deputación, rexistrado de entrada o 3 de xaneiro de 2008, onde consta que se concedeu unha subvención de 3.582 € dentro do programa de envellecemento activo segundo convocatoria publicada no BOP n.º 245 do 23 de outubro de 2007, correspondente ao exercicio de 2007.

A Sra. interventora engade que a finalidade era saúde e calidade de vida.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo segue dicindo que nas bases atopan algunhas deficiencias, como por exemplo se a lista de seleccionados é por orde alfabético e que ocorre se hai máis solicitudes que prazas, faise un sorteo e sae un membro da parella e outro non.

A Sra. interventora intervén para dicir que iso non é obxecto deste expediente, pois aquí o que se trae é a aprobación da contía do prezo público, as bases son obxecto doutro expediente.

Don Francisco Javier Varela Tejedor engade que trasladará as suxestións á concelleira de Servizos Sociais.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), expón que lle parece un exceso de financiamento para un colectivo de 56 persoas, independentemente de que financie a Deputación case todo, podíanse facer máis cousas, dirixidas a máis xente, aínda que se financiara menos.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, manifesta que votan a prol do expediente.

A comisión, en votación ordinaria, por tres votos a prol correspondentes aos concelleiros do PSdeG-PSOE, PP e EU-IU, coa abstención do concelleiro do BNG e do GM (PG), en

aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar a seguinte contía de prezo público correspondente ao acordo nº 1 regulador do prezo público por actividades culturais:

CONCEPTO	IMPORTE
Actividade “Viaxe ao Balneario da Toxa”	34 euros

Segundo: Publicar para o seu xeral coñecemento no boletín oficial da provincia segundo o disposto no artigo 59.6 a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro: O presente acordo de establecemento do prezo público entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no boletín oficial da provincia.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as dezanove horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Francisco Javier Varela Tejedor

M^a Luisa de la Red Ampudia